



Concello de FRADES

Cimadeviña, 10
15686 - FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
2020/G010/000008	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Extraordinaria a petición do grupo municipal PSDG-PSOE
Data	25 de agosto de 2020
Duración	Dende as 12:30 horas ata as 14:00 horas
Lugar	Sala Multiusos Concello de Frades con participación a distancia da Secretaria
Presidida por	ROBERTO REY MARTÍNEZ
Secretaria	CARMEN GÓMEZ OTERO

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
79314640Z	ROBERTO REY MARTÍNEZ	SÍ
76363609K	MARÍA DE LOS ÁNGELES ÁLVAREZ CARRO	SÍ
46910475C	JESÚS MIGUEL PRADO CEA	SÍ
34893023E	MANUEL FERREIRO MARZOA	SÍ
76329065T	JESÚS FRANCOS SÁNCHEZ	SÍ
44842883J	ÓSCAR BOTANA RÚA	SÍ
76368290X	JOSE CARLOS PORTOS BRA	SÍ
45955540E	ENRIQUE ASTRAY OTERO	SÍ
76363600N	JOSÉ LUIS PEREIRA BAO	SÍ
79310360N	AURELIO GAREA PORTOS	SÍ



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Cornia)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

35314415P	MANUEL MÍGUEZ VILLAVERDE	SÍ
-----------	--------------------------	----

Aberto o acto pola presidencia, procédese a tratar de conformidade coa **ORDE DO DÍA**, o seguinte asunto:

1.- MOCIÓN DO PSOE REFERENTE ÁS RESTRICCIÓN NO CONSUMO DE AUGA MUNICIPAL.-

O Sr. Alcalde- Presidente concede a palabra ao voceiro do PSDG-PSOE, D Enrique Astray Otero, que explica a seguinte problemática:

<<Nos días 13 e 14 de Xullo foron detectados certos problemas no servizo de auga municipal, sobre todo, nas cotas máis altas do concello, derivados dun fallo no bombeo. Ditas cotas máis altas coinciden coas parroquias de maior actividade agrícola, polo que a falta de subministro de auga causoulle aos gandeiros certos trastornos na súa actividade diaria (estrés dos animais,...).

O día 23 de Xullo, o Concello de Frades, decretaba restricións no consumo de auga, co fin de asegurar o subministro de auga potable a vivendas e explotacións agrícolas. No bando que comunicaba as limitacións citábase a avaria, que xa se daba por solucionada e achacábase o problema a seca, aínda que ningún concello augas arriba e augas abaixo da captación de Frades, no río Tambre anunciaba restricións. No comunicado non se refería a canto ían durar as limitacións nin que medidas se tomarían de acentuarse a seca.

A día de hoxe non hai constancia de que as restricións remataran a pesar das ultimas choivas, nin a presión nas cotas máis altas aumentou.

As cuestión que queremos por encima da mesa son:

A bomba en funcionamento é das mesmas características ca anterior?

Posibilidade da existencia dunha bomba de reposto?

Posibilidade de ampliación da ETAP xa que esta está obsoleta?

Análise da problemática de prolongarse o problema>>

A continuación, toma a palabra o voceiro do PP, Don Manuel Ferreiro Marzoa que intervén para explicar que "...é certo que os días 13 e 14 de xullo nas cotas altas houbo problemas de abastecemento, pero o que se discute é a densidade gandeira, e a falta de presión. O mes de xullo deste ano houbo moita seca. Dende o día 7 de xullo, o Concello ven adoutando medidas para reducir o consumo. O día 11 detéctase a rotura dunha bomba, o día 13 repárase e o mesmo día vólvese a romper, pero o día 14 de xullo volvemos a una normalidade dende primeira hora da mañá.



Concello de FRADES

Cimadeviña, 10
15686 - FRADES (A Coruña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

Dicir que a prioridade do equipo de Goberno son as granxas. O día 14 ás 8:30 h xa se estaba levando auga a algunhas explotacións.

Nós seguimos tomando medidas e somos conscientes de que un escaso subministro de auga baixa o rendemento da explotación, por iso dámoslle unha gran importancia ás granxas.

En canto á presión, entendemos que é a óptima.

O Sr. Alcalde- Presidente toma a palabra para explicar que "...no 2015 realizouse un investimento en Gasalla, no depósito para a mellora, por importe de 70.544,42 euros, no 2018 fíxose un contrato menor con Sondeos del Norte para facer un novo pozo en Gasalla, e no 2020 elaborouse un plan para a seca. Para minimizar o consumo de auga tomáronse decisións con respecto á piscina. Somos conscientes de que somos dos poucos Concellos rurais que teñen abastecemento no 100% das parroquias.

Dicir que o 23 de xullo aprobamos un investimento por importe de 7.544,42 euros que nos permite conectarnos con Mesía por se se produce algún problema puntual no abastecemento de auga.

Dende este equipo de Goberno estivemos sempre alerta, foi unha situación excepcional que se deu este ano, pero actuamos con eficacia e con prioridades claras..."

A continuación o Sr. Alcalde- Presidente concede a palabra ao voceiro do PSDG-PSOE, D Enrique Astray Otero que pregunta se hai bomba de reposto.

A continuación, toma a palabra o voceiro do PP, Don Manuel Ferreiro Marzoa que intervén para explicar que non hai bomba de reposto pero si se cambiou por Espina y Delfín en menos de 24 horas.

Intervén o voceiro do PSDG-PSOE, D Enrique Astray Otero afirma que non debería de haber restricións ao consumo doméstico.

A continuación, toma a palabra o Sr. Alcalde- Presidente para explicar que " o consumo é prioritario para vivendas e granxas, pero os cultivos domésticos e piscinas estaban en segundo lugar hasta agora, que xa se normalizou, porque isto ía a peor, e en calquera momento volvemos á mesma situación. É necesario mentalizar á xente para sempre, independentemente do tempo que dure a seca.

Intervén o voceiro do PSDG-PSOE, D Enrique Astray Otero para queixarse que no bando non se dixo canto ía a durar.

A continuación intervén o voceiro do BNG, D. Manuel Míguez Villaverde para dicir que "...gústame que se conciencie aos veciños para que se aforre auga durante todo o ano. Pero a min paréceme preocupante cando os veciños nos transmiten queixas. Non é lóxico que a xente teña que mellorar as redes por medo a que lles falle o consumo. O problema é que o abastecemento de auga está en precario, tal e como me comunican os veciños nas súas queixas. Algún problema estrutural hai na traída de auga de Frades..."



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15080 - FRADES (A Coruña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.diaoruna.es

Finalmente o Sr. Alcalde-Presidente afirma que a solución máis óptima sería a ampliación da ETAP e a construción dalgún depósito máis.

E non habendo máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión sendo as 14,00 h, de todo o cal, eu, a secretaria dou fe, recordando que nesta acta se recolle unha somera transcripción das intervencións.

O Alcalde,

Roberto Rey Martínez

A Secretaria

Carmen Gómez Otero

**ASINADO DIXITALMENTE UNHA VEZ APROBADA A ACTA EN SESIÓN
PLENARIA ORDINARIA DE DATA 15.07.2020**